



Resolución do 12 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés (590010); no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de cociña e pastelaría (591201), equipos electrónicos (591202) e mecanizado e mantemento de máquinas (591211); no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de italiano (592012) e portugués (592015); e no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de piano (594423), trompa (594427), e trompeta (594428), convocado pola Resolución do 26 de xaneiro de 2018.

Por unha Resolución do 26 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, publicada no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es o 29 de xaneiro de 2018, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés (590010); no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de cociña e pastelaría (591201), equipos electrónicos (591202) e mecanizado e mantemento de máquinas (591211); no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de italiano (592012) e portugués (592015); e no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de piano (594423), trompa (594427), trompeta (594428) e linguaxe musical (594460).

Por unha resolución do 23 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das citadas listas de interinidades e substitucións, e publicouse no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base séptima da convocatoria, con excepción da especialidade de linguaxe musical do corpo de profesores de música e artes escénicas (594460), que xa foron aprobadas pola resolución do 5 de marzo de 2018 e publicadas no portal da Internet nesa mesma data.

En consecuencia, esta dirección xeral



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés (590010); no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de cociña e pastelaría (591201), equipos electrónicos (591202) e mecanizado e mantemento de máquinas (591211); no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de italiano (592012) e portugués (592015); e no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de piano (594423), trompa (594427) e trompeta (594428).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto no parágrafo segundo da base séptima da convocatoria acordada pola Resolución do 26 de xaneiro de 2018, contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018



O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez